

## REGULAMENTO DO COMITÉ DE EMPRESA DE .....

**Artigo 1º.-** O Comité de Empresa é o órgano de representación unitaria dos traballadores/as de ..... , as competencias, organización e funcionamento do cal estarán de acordo co presente regulamento.

**Artigo 2º.-** O Comité de Empresa está composto por ..... membros, que, de conformidade cos resultados das eleccións celebradas con data do ..... , quedan distribuídos da seguinte forma :

..... membros do sindicato .....  
..... membros do sindicato .....  
..... membros do sindicato .....

**Artigo 3º.-** O Comité de Empresa contará cos seguintes órganos:

1. O Pleno, composto polo/a presidente/a, o/a secretario/a e o resto dos membros do Comité de Empresa. Así mesmo, poderán asistir os/as delegados/as sindicais dos sindicatos nos termos previstos no art. 10.3 da Lei Orgánica de Liberdade Sindical, con voz pero sen voto.
2. O/a Presidente/a e o/a Secretario/a que serán elixidos/as por acordo maioritario.
3. A Comisión Permanente, composta por ..... membros, designados/as polos distintos sindicatos presentes no Comité, que incluirá o/a presidente/a e mais o/a secretario/a.
  1. As comisións de traballo que se decida crear.

**Artigo 4º.-** O Pleno constitúeno todos os membros e é o órgano soberano do Comité de Empresa. Os seus acordos prevalecen sobre os de calquera outro órgano. Reunirase unha vez ao mes e será convocado polo propio pleno dunha reunión para outra, salvo que pola urxencia dos temas a tratar sexa convocado polo/a Presidente/a, por un terzo do comité ou polo 10% dos/as traballadores/as representados/as. De cada reunión redactarase a oportuna acta, a cal se dará a coñecer ao conxunto dos/as traballadores/as.

**Artigo 5º.-** O/a Presidente/a é o/a membro do comité de Empresa, elixido/a por acordo maioritario, que representa legalmente ao organismo ante calquera administración ou diante da empresa. Presidirá as reunións do Pleno e Comisión Permanente. Así mesmo, notificará as convocatorias de reunión e asinará as actas xunto co/a Secretario/a.

**Artigo 6.-** O/a Secretario/a é o/a membro do Comité de Empresa, elixido/a por acordo maioritario, que ten como función fundamental a elaboración das actas das reunións do Pleno e da Comisión Permanente, así como archivar toda a documentación do Comité e a expedición de certificacións.

**Artigo 7º.-** A Comisión Permanente estará composta por un total de ..... membros, designados/as polos sindicatos con presenza no Comité en proporción ao número de representantes que posúan. O/a Presidente/a e o/a Secretario/a formarán parte desta Comisión, computándoseles aos sindicatos dos que formen parte. As funcións serán as de poñer en práctica os acordos do pleno coordinando as comisións de traballo e tomando os acordos pertinentes sobre aquelas cuestións acerca das que o pleno delegase nela.

**Artigo 8º.-** Calquera traballador/a ou grupo de traballadores/as que consideren lesionados os seus dereitos ou que detecten unha situación de inxustiza social poderán poñelo en coñecemento do Comité de Empresa, por escrito, a través de calquera dos seus membros. Os/as interesados/as terán dereito, ademais, a que o Comité de Empresa os informe das xestións realizadas para solucionar calquera dos problemas que xurdisen.

**Artigo 9º.-** Os/as traballadores/as poderán someter á consideración do Comité de Empresa calquera iniciativa encamiñada á mellora das condicións de traballo ou de calquera outra materia sobre a que teña competencia o Comité.

**Artigo 10º.-** Este Regulamento entrará en vigor a partir da data da súa aprobación polo Pleno do Comité de Empresa.